



# CURSO DE DEREITO DE ESTRANXEIRÍA GUÍA 2014

[HTTP://AVOGACIA.GAL/FORMACION](http://avogacia.gal/formacion)





## PRESENTACIÓN

Unha das tarefas pendentes en materia de formación é a de garantir que os avogados e as avogadas pertencentes ás listaxes da quenda de oficio posúen unha formación suficiente que garanta a prestación da asistencia xurídica gratuíta consonte a uns estándares de calidade axeitados, homologando a formación que deban recibir .

Esa competencia perténcelle ao Consello da Avogacía Galega, segundo dispón o artigo 30 do Regulamento de xustiza Gratuíta de Galicia

Ademais, o artigo 5 do Estatuto do Consello, aprobado por Decreto 130/93, de 3 de xuño, atribúelle a competencia formativa.

En exercicio desas competencias en materia de formación da avogacía, o Consello decide agora ofrecer un **Curso de Dereito de Estranxeiría**, en modalidade en liña, que permite ao profesional adquirir os coñecementos necesarios neste eido, e acreditalos para acceder ás listaxes especiais da quenda de oficio, cando lle fora esixido.

O Curso de Estranxeiría ofrece, así, información, prolixa e posta ao día, nunha materia altamente reglamentista, presentando uns materiais e recursos organizados de xeito ideal como material de consulta no día a día.

As vantaxes deste curso son:

- A posibilidade de realizalo en liña e, en concreto, a posibilidade de avaliar coñecementos como requisito para a emisión do certificado de aproveitamento.
- Carácter gratuíto para as avogadas e avogados colexiados coma exercentes.
- A posibilidade de que cada Colexio de Avogados poida complementalo con charlas, conferencias ou coloquios de carácter práctico.



## CARACTERÍSTICAS DO CURSO

Modalidade en liña, ou E-Learning en <http://avogacia.gal/formacion>

Lingua do curso: Castelán

Lingua da plataforma: Castelán ou galego, configurable polo usuario/a no seu perfil.

O Consello colaborará con cada Colexio de Avogados para que poidan impartir charlas ou conferencias de carácter presencial para a resolución de cuestións prácticas, pero non conformarán contido do curso.

Para a obtención do certificado, é precisa a superación dos 6 módulos teóricos con probas tipo test a realizar na plataforma en liña (internet).

Como ocorre cos demais cursos impartidos na plataforma, prevese que os contidos poidan ser ampliados, aos fins de mellorar ou complementar os coñecementos, ou como reciclaxe do alumno. Nese caso comunicarse oportunamente.

O ensino teórico será ofrecido mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e abundante material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña co formador mediante un sistema de foros dentro do curso.

### Título

Ao superarse o curso, o usuario pode descargarse por si mesmo e de xeito automático un certificado que habilitará para a inscrición nas listaxes especiais de estranxeiría da quenda de oficio dos colexios de avogados de Galicia.

### Homologacións e convalidacións

Este curso non as admite. Porén, o avogado que teña realizado curso/s de formación sobre esta materia noutra institución (centro académico, colexio, EPX, etc), poderá alegala ante o colexio aos efectos de acreditar a preparación suficiente para acceder ás listas especiais de estranxeiría, caneo fose necesario.



## **Obxectivos do curso**

Proporcionar ao alumno aprendizaxe e información de carácter teórico sobre o Dereito de Estranxeiría, para a asistencia xurídica en relación á dita materia.

## **Dirixido a:**

Profesionais da avogacía dos Colexios de Galicia.

Profesionais doutras disciplinas que se adhiran ao programa formativo do Consello.

## **Número de Prazas:**

Ilimitadas.

## **Número de horas:**

100

## **Data de inicio:**

O curso estará operativo a partir do mes de outubro de 2014.

## **Data de remate:**

O alumno disporá dun prazo de 6 meses para realizar os tests de autoavaliación. Transcorrido dito prazo, poderá matricularse de novo.



## Matrícula e inscricións

A matrícula tramitarase no Colexio de Avogados, que remitirá a lista de inscritos ao Consello da Avogacía Galega, cos seus datos profesionais (número de DNI, número de colexiado e enderezo electrónico).

**A persoa inscrita recibirá por correo electrónico as súas claves de acceso. Por tanto, se alguén se inscribe coa conta compartida do despacho, ninguén máis poderá inscribirse con esa conta.**

## Formador

Director científico do Curso e autor do material formativo:

- **Juan José Vázquez Rodríguez**

Asesor xurídico e xefe da Unidade de Asesoramento ás Migracións do Concello da Coruña. Profesor da Escola de Práctica Xurídica “Decano Iglesias Corral” e do Máster universitario de Avogacía do ICA Coruña-UDC.

## Coordinación técnica, programación e deseño

- **Secretaría Técnica do Consello da Avogacía Galega**

**Contacto:**

**Sergio Aramburu Guillán** [secretariotecnico@avogacia.gal](mailto:secretariotecnico@avogacia.gal)

**Verónica Pajón Jacobe** [redes@avogacia.gal](mailto:redes@avogacia.gal)

**Tel. 981 121893**



## COMO ESTUDAR ESTE CURSO

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes módulos organizados por pestanas. É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudio co material adicional, que se atopa no epígrafe “Documentación de apoio & Lexislación”, antes de realizar os cuestionarios de avaliación.

De todos modos, todo o material pode ser consultado para a realización dos tests.

A captura de pantalla mostra a interface de usuario da plataforma. No encabezado superior, aparece o logo do Consello da Avogacía Galega, o idioma seleccionado como Galego (GL) e o nome de usuario María. O título principal do curso é "CURSO", con opcións para ir á páxina principal ou ao curso. A sección de navegación á esquerda lista as opcións: Páxina principal, Mi páxina principal, Páxinas do sitio, Meu perfil e Curso actual. Debaxo de "Curso actual", o curso está expandido, mostrando "CURSO" e os seus módulos: Participantes, Xeral, Módulo 1º, Módulo 2º, Módulo 3º, Módulo 4º e Módulo 6º. O módulo 1º está seleccionado e resaltado. A sección principal do curso, titulada "XERAL", contén tres elementos: "Guía do Alumno", "Manual de Uso" e "Foro Xeral do Curso". Debaxo, hai unha barra de navegación con botóns para cada módulo, onde o "Módulo 1º" está activado. Abaixo desta barra, o título do módulo "Módulo 1º. Introducción" é visible.

Ao final de cada tema, o alumno poderá avaliar o seu avance co correspondente cuestionario de autoavaliación, cuxa corrección verá na plataforma de forma inmediata.



Cando se teña completado o estudo de todos os temas e módulos e a resolución de cada un dos cuestionarios de avaliación, poderase descargar automaticamente e imprimir o certificado, que conterá un código seguro de verificación que garante a súa autenticidade.

Coordinación e dirección técnica: **Secretaría técnica do Consello da Avogacía Galega.**

## **Foro**

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor(a) poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo para levar a conversación.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumno dispón dun “Foro xeral do curso” na zona xeral, na zona superior da aula virtual; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno, compartindo opinións, proponendo temas de debate, etc.

***\*\*Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola plataforma e como utilizar os recursos dispoñibles.***



## PROGRAMA

### MÓDULO 1º RÉGIMEN GENERAL DE EXTRANJERÍA

#### TEMA 1.- RÉGIMEN DE ENTRADA EN ESPAÑA

1.a) Documentación precisa para la entrada: pasaportes y documentos de viaje

1.b) Entrada: Requisitos y condiciones

- i. Objeto
- ii. Acreditación de medios económicos
- iii. Requisitos sanitarios

1.c) El espacio Schengen

1.d) Autorización de entrada

1.e) Denegación de entrada

1.f) Prohibición de entrada

1.g) Devoluciones

- i. Plazo de prohibición de entrada
- ii. Suspensión de la devolución
- iii. Prescripción de la resolución de devolución

1.h) Salidas voluntarias y prohibiciones de salida

- i. Documentos y plazos
- ii. Cómo efectuar la salida
- iii. Prohibiciones de salida
- iv. Salidas obligatorias





## 1.i) Autorización de regreso

- i. Lugar de presentación
- ii. Documentación
- iii. Entrega
- iv. Salida y retorno

## TEMA 2.- RÉGIMEN DE ESTANCIA

### 2.a) Estancia de Corta Duración

#### 2.b) Prórroga de Estancia

### 2.c) Estancia por estudios, movilidad de alumnos, prácticas no laborales o servicios de voluntariado

- i. Concepto
- ii. Régimen especial de los estudios de especialización en el ámbito sanitario
- iii. Requisitos
- iv. Procedimiento
- v. Prórroga
- vi. Familiares del titular de una autorización de estancia por estudios
- vii. Movilidad dentro de la Unión Europea
- viii. Modificación de la autorización de estancia por estudios a autorización de residencia y trabajo por cuenta ajena

## TEMA 3.- RÉGIMEN DE RESIDENCIA TEMPORAL

### 3.a) Residencia temporal no lucrativa

### 3.b) Residencia temporal por reagrupación familiar

### 3.c) Residencia temporal con excepción de la autorización de trabajo



## 3.d) Residencia temporal por circunstancias excepcionales

- i. Residencia temporal por protección internacional; razones humanitarias; colaboración con autoridades públicas; seguridad nacional o interés público
- ii. Residencia temporal por colaboración contra redes organizadas
- iii. Residencia temporal de extranjeros víctimas de trata de seres humanos
- iv. Solicitud de autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionales de arraigo social
- v. Solicitud de autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionales de arraigo laboral
- vi. Solicitud de autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionales de arraigo familiar

## TEMA 4- RÉGIMEN DE RESIDENCIA TEMPORAL Y TRABAJO

- 4.a. Autorización inicial de residencia temporal y trabajo por cuenta ajena
- 4.b. Autorización inicial de residencia temporal y trabajo por cuenta propia
- 4.c. Autorización inicial de residencia temporal y trabajo de profesionales altamente cualificados
- 4.d. Movilidad de los trabajadores titulares de una Tarjeta Azul-UE expedida en otro Estado de la Unión Europea

## TEMA 5- AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA DE LARGA DURACIÓN

- 5.a. Residencia larga duración
- 5.b. Residencia larga duración – UE
- 5.c. Residencia larga duración en España del residente larga duración-UE en otro estado miembro de la Unión Europea



## MÓDULO 2º MENORES EXTRANJEROS

1. Residencia del hijo de residente
2. Desplazamiento temporal de menores extranjeros
  - i. Desplazamiento temporal de menores extranjeros con fines de tratamiento médico o vacaciones
  - ii. Desplazamiento temporal de menores extranjeros con fines de escolarización
3. Menores extranjeros no acompañados
  - i. Repatriación del menor extranjero no acompañado
  - ii. Residencia del menor extranjero no acompañado
  - iii. Mayoría de edad

## MÓDULO 3º PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

### TEMA 1.- EL PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

- 1.a.- Infracciones y sanciones
  - Infracciones
    - i. Infracciones leves
    - ii. Infracciones graves
    - iii. Infracciones muy graves
- 1.b.- Procedimiento sancionador.
  - A. Sanciones
  - B. Ejecución de la resolución sancionadora



## C. Prescripción

1.c.- Sinopsis del procedimiento.

### TEMA 2.- LA ACTUACIÓN LETRADA EN LOS TURNOS DE OFICIO

1. Expulsiones por el procedimiento preferente
2. En los supuestos de ejecución de expulsiones en el plazo de 72 horas
3. Ante la petición de aplicación del art. 57.2 LOEX (expulsión del condenado extranjero/a por conducta dolosa que conlleve p.p.l superior a 1 año)
4. Para asistir en puesto fronterizo en supuestos de denegación de entrada
5. Ante las devoluciones
6. En los procedimientos sancionadores ordinarios
7. Ante las solicitudes de internamiento
8. En los procedimientos contencioso –administrativo
9. En los juicios rápidos
10. Ante la identificación del extranjero en la calle y el habeas corpus
11. Ante la aplicación del art. 57.7 LOEX (Expulsión del territorio de un extranjero/a procesado o imputado por delito o falta que prevea p.p.l inferior a 6 años)
12. Frente a los arts. 89 y 108 CP
13. Arts. 318 Bis y 177 Bis CP en relación con el art. 59 LOEX
14. Extranjeros en prisión
15. Menores no acompañados



## MÓDULO 4º RÉGIMEN COMUNITARIO

- 1) Normativa básica reguladora
- 2) Ámbito de aplicación
- 3) Entrada y salida
- 4) Estancia y residencia
  1. Estancia inferior a tres meses
  2. Residencia superior a tres meses
  3. Residencia de familiar no comunitario de ciudadano de la Unión Europea
  4. Mantenimiento a título personal del derecho de residencia de los miembros de la familia, en caso de fallecimiento, salida de España, nulidad del vínculo matrimonial, divorcio o cancelación de la inscripción como pareja registrada, en relación con el titular del derecho de residencia
  5. Residencia de carácter permanente
    - i. Certificado de residencia permanente de ciudadano de la Unión Europea
    - ii. Tarjeta de residencia permanente de familiar de ciudadano de la Unión Europea
  6. Medidas por razones de orden público, seguridad y salud pública



## MÓDULO 5º ASILO Y REFUGIO

### TEMA 1.- CONCEPTO, NORMATIVA BÁSICA REGULADORA Y CONDICIONES

1.a.- Concepto

1.b.- Normativa básica reguladora

1.c.-Condiciones para el reconocimiento de la protección internacional

- i. Para el reconocimiento del derecho de Asilo
- ii. Para la concesión del derecho a la protección subsidiaria constituyen daños graves

### TEMA 2.- TRÁMITE DE LA SOLICITUD

2.a.- Presentación de la solicitud

- i. Lugar de presentación
- ii. Información de derechos
- iii. Plazo de presentación
- iv. Forma de presentación
- v. Derechos y obligaciones de los solicitantes

2.b.- Efectos de la presentación de la solicitud

2.c.- Tramitación de las solicitudes

A. No admisión de solicitudes

- i. Solicitudes presentadas dentro del territorio español y no admitidas
- ii. Solicitudes presentadas en puestos fronterizos y no admitidas

B. Solicitudes admitidas



## i. Tramitación

### TEMA 3.- EFECTOS DE LA RESOLUCIÓN DE ASILO O DE PROTECCIÓN SUBSIDIARIA

3.a.- Efectos de la concesión

3.b.- Efectos de la denegación

3.c.- Menores y otras personas vulnerables

3.d.- Cese y revocación de la protección internacional

a) Cese del estatuto de refugiado

b) Cese de la protección subsidiaria

c) Revocación del asilo o de la protección subsidiaria

## **MÓDULO 6º NACIONALIDAD**

1. Concepto

2. Modos de adquisición de la nacionalidad

i. Nacionalidad por residencia

ii. Nacionalidad por carta de naturaleza

iii. Nacionalidad para españoles de origen

iv. Nacionalidad por posesión de estado

v. Nacionalidad por opción

3. Trámites posteriores a la adquisición

4. Doble nacionalidad

5. Pérdida de la nacionalidad

6. Recuperación de la nacionalidad



## ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADO POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

### **Artigo 5**

*No ámbito territorial da súa competencia, [o Consello] terá as seguintes funcións:*

*5.1. As atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.*

(...)

*5.4. Fomentar, crear e organizar institucións, servicios e actividades con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convintes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.*

(...)